



AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

A Consellería de Educación (*DOG 20 de maio 2019, Orde do 3 de maio*), ven de convocar as **axudas para a adquisición de libros de texto e material** para alumnado matriculado en **Educación Primaria**, para o curso 2019/2020

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- - Poden presentarse no colexio, cubrindo manualmente o impreso (pódese recoller no centro ou imprimilo dende a web) ou, preferentemente:
- - Accedendo á aplicación **Fondolibros** (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>), e unha vez que teñan cuberto todo gardala obtendo así o número de solicitude e posteriormente poderán optar polas seguintes formas de presentación:
 - Presentación no centro: Neste caso imprimirán a solicitude e o anexo II e presentaranos no centro (debidamente asinados), xunto coa documentación (A solicitude xa terá asignado un número pola aplicación e o centro pode recuperala).
 - Presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia. Neste suposto o centro recibirá un aviso no seu correo electrónico que lle informará de que ten solicitudes presentadas por esta vía.

Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As solicitudes presentaranse **ata o día 14 de xuño inclusive**.

Presentarase unha única solicitude para todos os fillos no centro, e será solicitada polos pais, nais, tutores ou representantes legais.

INSTRUCCIÓNS:

- A instancia debe estar cumprimentada en **todos os apartados**.
- Debe vir **debidamente asinada**.

DOCUMENTACIÓN:

- Hai que presentar **fotocopia do Libro de Familia e orixinal para cotexar**.
- *No caso de non ter libro de familia, ou se a situación familiar, a día 31 de decembro de 2017, non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:*
 - *Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.*
 - *Certificado ou volante de convivencia. (Só casos excepcionais)*
 - *Informe dos servizos sociais ou órgano similar do concello de residencia, que acredite a situación familiar.*
- Teranse en conta a **Declaración da Renda 2017** (presentada no 2018).
 - *Hai que sumar as casañas 415 e 435 (de todos os declarantes) e dividir entre os membros computables da unidade familiar.*

Podedes atopar toda a información no seguinte enderezo <http://centros.edu.xunta.es/ceipaltamar>

QUE TODOS OS QUE PASAN A 3º, 4º, 5º e 6º PRESENTEN A SOLICITUDE (independentemente da renda) PORQUE HABERÁ LOTES DE LIBROS PARA TODOS.

- Deben **ter devoltos os libros de texto** que desfrutaron do fondo solidario no curso 2018-2019.